

CONCLUSIÓNS Galeusca apoia as mobilizacións en defensa do galego

Unha época de grandes desafíos

Escritores galegos, cataláns e vascos, en desacordo coa "regresión" lingüística da Xunta de Feijóo

maré • Santiago

Os escritores galegos, cataláns e vascos –que onte concluíron en Arantzazu a XXVI edición dos Encontros Galeusca baixo o lema *Literaturas minorizadas, grandes desafíos*– decidiron nas súas conclusións “apoiar as mobilizacións que se van celebrar en Galiza, Euskadi e Países Cataláns na defensa dos dereitos lingüísticos”.

Os autores amosaron o seu “total desacordo coas accións regresivas respecto á normalización lingüística adoptadas polo actual goberno galego”. Estas son parte das conclusións dos seus encontros anuais nos

que se decidiu que o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez sexa o novo presidente da Federación Galeusca, creada hai un ano. Ademais, acordaron a creación de tres vocalías, unha en cada asociación.

Estas vocalías encargaranse de “profundar e implementar os contidos propios” da Federación así como preparar a asemblea anual, “asegurar o debate e o posicionamento público a respecto das iniciativas que positiva ou negativamente inflúan no desenvolvemento das respectivas culturas nacionais” e, finalmente, “desenvolver durante todo o ano actividades conxuntas de interese profesional”.

Ademais, os escritores galegos, vascos e cataláns valoraron como “moi positivos” os novos contratos entre as asociacións de escritores e o gremio de editores cataláns. Consideran ademais que teñen que “inci-



Foto de grupo dos escritores galegos, cataláns e vascos reunidos en Arantzazu do 9 ao 12 deste mes

NA ASOCIACIÓN ALEXANDRE BÓVEDA

Cesáreo Sánchez, hoxe na Coruña

O poeta Cesáreo Sánchez participa hoxe nunha nova xornada de lectura de poesía na sede da asociación cultural Alexandre Bóveda, na Coruña.

O acto inscríbese no ciclo *Poetas coruñeses* e comezará a partir das 20:30 horas. Cesáreo Sánchez, que foi un dos fundadores da agrupación cultural Lóstrego, é responsable dunha ampla obra, segundo publicou a organización do ciclo.

Ademais, indicou que o autor,

que comezou á súa ampla obra en 1978 con *Silencios e conversas de inverno*, foi recoñecido “várias veces” e caracterízase por unha elaboración “en clave simbolista e evocadora, realizada en versos breves”. “Está considerado un dos nomes máis relevantes da promoción poética da década dos 80”, salientou a asociación. O escritor, presidente da AELG, tamén publicou, entre outros, poemarios como *O rumor do distante*, *Ferrol* ou *Variacións Nube*.

dir conxuntamente nos traballos da subcomisión parlamentaria que estuda a revisión da Lei de Propiedade Intelectual” e propoñen a actuación “a través de European Writers’ Council, nos debates sobre lexislación e directivas europeas de propiedade intelectual, en especial as relacionadas co ámbito dixital, libro electrónico, novos formatos”.

Así mesmo, a Federación Galeusca, “na súa defensa da liberdade de expresión”, ante a próxima celebración do xuízo oral contra a dirección de *Euskaldunon Egunkaria*, fixo chegar “a súa solidariedade aos imputados” e fixo pública “a súa esixencia de arquivo da causa.” ●